

## **Programa municipal de conciliación de Semana Santa 2022**

O Departamento de Educación do concello de Santiago ten previsto a realización dun programa de conciliación laboral e familiar no período das vacacións de Semana Santa 2022 (días 11, 12, 13 e 18 de abril de 2022). Este programa comprende un conxunto de actividades, a desenvolver en instalacións do CEIP Quiroga Palacios, destinadas á poboación escolarizada en educación Infantil e Primaria do municipio de Santiago.

Este programa concíbese como un espazo educativo, de promoción do ocio e o tempo de lecer, ademais dun recurso para a conciliación familiar e laboral no tempo de vacacións.

### **CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA:**

**Destinatarios:** Nenos e nenas empadroados o Concello de Santiago de Compostela ou que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela, entre o 2º Ciclo de Educación Infantil e o 3º Ciclo de Educación Primaria (ambos os dous inclusive) con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa condición na epígrafe que figura no impreso de solicitude.
- Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa.
- Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van a desenvolver.

**Datas de realización e modalidades de participación:** O programa desenvolverase durante o período de vacacións escolares de Semana Santa: os días 11, 12, 13 e 18 de abril de 2022.

### **A modalidade de participación dos interesados será:**

Completa: os 4 días.

Nesta ocasión e pola situación da pandemia xerada pola COVID-19 non se admiten solicitudes para días soltos.

O horario será de 9:00 a 14:00 horas; ofrécese a posibilidade de que as familias poidan solicitar ademais un servizo de madrugadores con almorzo (de 7:45 a 9:00 horas) e un servizo de comedor (de 14:00 a 16:00 horas).

**NÚMERO DE PRAZAS:** 100 prazas, das que 12 reservaranse para nenos e nenas con informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de

Compostela e terán carácter de acceso directo ao programa. Asemade, ofértanse 30 prazas para o servizo de comedor e 30 para o de madrugadores.

**LUGAR DE EXECUCIÓN:** as actividades terán lugar en instalacións do CEIP Quiroga Palacios (Rúa Villaldía núm. 33-35). Se por algunha circunstancia non fose posible realizar o programa neste centro, ofrecerase un CEIP alternativo próximo.

## OBXECTIVOS

### OBXECTIVO XERAL:

Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre, desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Promover actividades que favorezan o desenvolvemento da creatividade dos participantes.
- Desenvolver a autonomía persoal e a intelixencia emocional dos participantes.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de ocio e tempo libre.
- Fomentar o gusto pola lectura.
- Promover actividades que favorezan a relación entre iguais e a colaboración.
- Fomentar os valores de compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.

### TIPO DE ACTIVIDADES:

No programa combinaranse actividades lúdicas, deportivas, xogos e obradoiros.

### MODALIDADES E HORARIOS:

SERVIZO	HORARIO
Modalidade completa:(madrugadores con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h
Modalidade madrugadores con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.

Secuencia horaria do programa:

7:45 - 9:00 h.	Madrugadores. Almorzo e actividades lúdicas e grupais.
9:00 - 9:30 h.	Recepción participantes e explicación medidas anticovid.
9:30 - 11:00 h.	Actividade 1: Obradoiros artísticos, plásticos e xogos grupais.
11:00 - 11:30 h	Descanso.
11:30 - 13:30 h.	Actividade 2 : Actividades grupais, grandes xogos e ximkanas.
13:30 - 14:00 h.	Recollida e despedida.
14:00-16:00 h.	Comedor.

O Concello consciente da actual crise sanitaria cunha repercusión na situación económica das familias decide, nesta ocasión, ofertar o programa municipal de conciliación de Semana Santa 2022 con carácter gratuíto para os participantes.

### **MATRICULACIÓN NO PROGRAMA**

- Abrirase un prazo de inscrición entre os días 22 e 25 de marzo de 2022 (ambos os dous inclusive).  
As solicitudes presentaranse segundo modelo normalizado ben por medios electrónicos, de xeito presencial no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.  
Se se presenta a solicitude a través da sede electrónica do concello de Santiago, deberá escollerse o trámite "Inscrición nos programas de conciliación do Departamento de Educación. Programa de conciliación Semana Santa 2022. Modelo ED010, dentro do catálogo de trámites dispoñible.
- O Departamento de Educación do Concello de Santiago publicará a lista de admitidos e, no seu caso excluídos, na páxina web do concello de Santiago de Compostela [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)
- No caso de existir máis demanda que prazas ofertadas realizarase un sorteo público, que consistirá na introdución de tantas bolas nun bombo como solicitantes (agás os nenos e nenas con informe de Servizos Sociais). Elaborarase unha listaxe numerada atribuíndo a cada solicitante un número nese listado.  
Sacarase unha bola ao azar quedando automaticamente inscritos o número extraído e os sucesivos da listaxe ata completar o número total de prazas. O resto pasará a formar parte dunha listaxe de agarda.  
O sorteo, de producirse, será anunciado na páxina web do concello.  
As prazas destinadas aos participantes con informe do Departamento de Servizos Sociais terán o carácter de acceso directo ao programa.
- Os solicitantes deberán estar empadroados no concello de Santiago (que se comprobará de oficio polo concello de Santiago), ou estar matriculados

nun centro educativo do municipio de Santiago (neste caso deberán achegar certificación expedida polo centro onde estuda, indicando nome e apelidos do neno/a matriculado e curso).

- Será motivo de exclusión non cumprir os requisitos do programa, non entregar a documentación solicitada, non estar empadroadado en Santiago ou escolarizado nun centro educativo do municipio de Santiago.

- **Documentación a presentar:**

- Ficha de solicitude ED010, cuberta e asinada.
- Fotocopia do documento que acredite a identidade do pai, nai ou representante legal.
- Acreditación da representación, se procede (marcar no Anexo 1 os documentos achegados).
- Fotocopia cartilla sanitaria ou da compañía aseguradora, do neno/a.
- Acreditación de recoñecemento da discapacidade do neno/a, se é o caso.
- Certificado do centro educativo no que está matriculado o neno/a no caso de non estar empadroadado no concello de Santiago e Compostela.

**Máis información:**

Concello de Santiago. Departamento de Educación  
Edificio CERSIA. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, s/n. San Lázaro  
Tfnos.: 981 554 400/401  
[dptoeducacion@santiagodecompostela.gal](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.gal); [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)